

## COMUNICACIÓN E DECLARACIÓN RESPONSÁBEL PARA O USO DA ÁREA DE ESCALADA DO PARQUE FORESTAL DA PICARAÑA

PERSONA INTERESADA/ENTIDADE SOLICITANTE							
NIF/CIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social					
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta	
CP	Concello		Provincia		Teléfono fixo		
Teléfono móbil			Correo-e				
REPRESENTANTE							
NIF/NIE		Nome e apelidos					
Rúa			Núm	Escaleira	Andar	Porta	
CP	Concello		Provincia		Teléfono fixo		
Teléfono móbil			Correo-e				
DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Persoa solicitante			Persoa representante				
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
<p>As persoas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas poden optar pola notificación electrónica ou postal. En todo caso, para as persoas que opten pola notificación postal, esta estará tamén á súa disposición no Servizo de Notificacións Electrónicas para que poidan acceder ao seu contido de forma voluntaria. As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas deberán optar exclusivamente pola notificación electrónica, sen que sexa válida para elas nin produza efectos a opción postal</p> <p>Electrónica, a través do Servizo de Notificacións Electrónicas, dispoñíbel a través da Sede Electrónica do Concello de Pontareas, <a href="https://pontareas.sedelectronica.gal">https://pontareas.sedelectronica.gal</a>                      Enviaranse os avisos da posta a disposición da notificación electrónica ao correo electrónico indicado a continuación:</p>							
Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
Tipo de vía	Nome da vía			Núm.	Portal	Piso	Porta
Provincia	Concello		Código postal	País			

## DECLARO RESPONSABELMENTE

Que conto con licenza federativa en vigor para a práctica da escalada.

Que son coñecedor/a dos riscos que leva consigo a práctica da escalada e asumo a responsabilidade do uso correcto das instalacións e dos danos, lesións ou accidentes que poida sufrir na práctica da escalada por un uso incorrecto das instalacións. E teño coñecemento de que as normas e regulación do uso da instalación non son unha lista completa e ante calquera situación que non recolla a normativa, actuarei baixo os máximos criterios de seguridade.

Que me comprometo ao cumprimento dos requisitos e normas de uso que se recollen de seguido:

## REQUISITOS PERSOAS USUARIAS

- Contar con licenza federativa vixente.
- Presentar comunicación e declaración responsábel (modelo dispoñíbel na web do Concello). Lugar de presentación: sede electrónica ou Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas.
- No caso de persoas menores de idade deberán acompañar autorización de pais, nais ou titores/as.
- No caso de cursos con monitores deberase realizar unha solicitude específica de autorización.

## CONDICIÓN DE USO

- Permítese o uso simultáneo dunha cordada por liña ou vía
- Material obrigatorio: roupa deportiva, calzado "pés de gato", arnés de escalada, casco, corda dinámica, cintas exprés, asegurador dinámico ou estático. O material deberá ser homologado (CE)
- Recoméndase a práctica de escalada con compañeiro/a.
- Deberáselle comunicar ao Concello de Ponteareas a existencia de descolgues desgastados, o movemento ou rotura de chapas ou presas e calquera outra deterioración na instalación.

## ACCIÓN PROHIBIDAS

- Escalar sen medidas de seguridade
- Modificar ou cambiar de localización as presas ou manipular as ancoraxes, os descolgues ou os seguros fixos. Calquera suxestión deberáselle comunicar ao Concello de Ponteareas.
- Acceder á parte superior do penedo para instalar tirolinas ou calquera outro elemento sobre as ancoraxes alleo ao uso para o que foron instaladas.
- Golpear as presas ou ancoraxes de seguro e de descolgue.
- Fumar na contorna da instalación.
- O balanceo, descenso perigoso ou xogo en altura.
- Deixar depositados obxectos ao pé da zona de escalada.

## ADVERTENCIA

ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no apartado 4º do artigo 69 da Lei 39/2019, doe 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsablel ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsablel, a documentación que sexa, segundo o caso, requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

Así mesmo, a resolución da Administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente”.

Ponteareas\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asinado:

## PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De acordo co disposto no Regulamento Europeo de Protección de Datos e Ley Orgánica 3/2018, infórmase que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos persoais achegados con esta solicitude.

A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

A lexitimación do Concello para solicitarlle os datos deriva do exercicio dunha competencia propia e potestade pública: xestión do uso de instalacións municipais.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal. Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

O Concello de Ponteareas comprobará de oficio os datos necesarios para comprobar que cumpre cos requisitos, salvo que vostede se opoña. No caso de que exista oposición, non se poderá tramitar esta solicitude.

Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación a: [secretaria@ponteareas.gal](mailto:secretaria@ponteareas.gal)

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es))